

CONSECUENCIAS

Todas as noites chegaba bébedo e enfadado á casa ,(Antonio perdera o traballo,non colaboraba en nada e Icía era a única que traballaba)cando Icía lle abría el dicíalle:

-¡Tardaches moito, non che teño dito que en canto me sentas chegar, saías a abrimme!

-Xa pero e que eu ...

-¡Nin pero nin pera,pasa para dentro! Polo menos farías a cea.

-Si, son ovos con patacas fritidas.

-¡¡Puaj!!Pero que merda cocíñaches. Non se aquí o único que fai algo son eu.¿vou ter que cocíñar tamén?

-Se me puideras axudar , agradeceríacho ...

-¡¿Como?!

E dáballa una labazada que soaba en toda a casa. Despois dicía:

-¿Queres outra?

-Non(Dicía entre bagoas)

E así todas as noites . Se non era pola cea ,era por una engurra na camisa, e ao final facíao sempre que a el lle petaba, entraba insultándoa e acababa por darlle una malleira.

Un día Antonio chegou de cazar no monte con dous espléndidos coellos e coa escopeta. Pero Icía non estaba. Cando, xa enfadado, foi cara a cocíña por un anaco de chourizo, quedou quedo e deixou caer a escopeta e os dous coellos.

Alí estaba Icía , somerxida nun charco de sangue e cun coitelo que voltara vermello na mau. Daquela foi el quen chorou, pero a boas horas.

Icía morrera nun día na que as rúas estaban cheas de pancartas que dicían: **“25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres”**.